

Estimadas familias,

A Consellería de Educación vén de publicar a “**Resolución do 10 de xuño de 2022, da Dirección xeral de ordenación e innovación educativa pola que se regula a xestión de probas de nivel lingüístico para o alumnado que curse estudos durante o curso 2022-2023**”.

(http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/resolucion_acreditacion_linguistica_centros_publicos.pdf)

RESUMO DA CONVOCATORIA:

1. O obxectivo das probas é acreditar a **competencia en lingua estranxeira** do alumnado, nos niveis de competencia **B1, B2 ou C1**.
2. O alumnado decidirá o nivel ao que se presentará coa orientación do profesorado.
3. As probas realizaranse durante o **curso 2022/2023**.
4. As probas están destinadas a **alumnado de 4º ESO, bacharelato** e ciclos de FP.
5. As familias interesadas deberán **asinar un compromiso individual** do alumnado/familias de presentación ás probas que custodiará o centro.
6. O alumnado poderá **matricularse nunha única proba de lingua estranxeira** que será, **preferentemente**, a que curse como **primeira lingua estranxeira**.
7. A axuda económica outorgada a cada centro por proba e alumno/a será de **100€** (segundo criterios de distribución indicados na resolución), que irá destinada a custear os gastos derivados dos exames efectuados por entidades alleas ao centro.

O **alumnado de 4º ESO, 1º de Bacharelato e 2º e Bacharelato** do IES David Buján matriculado en **francés ou inglés primeira ou segunda lingua estranxeira** presentaríase, se así o desexa, ás probas oficiais de idioma estranxeiro nos niveis B1, B2 e C1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL).

As probas de acceso aos diferentes niveis son independentes e o alumno/a decide o nivel no que se matricula.

Para pedir asesoramento sobre o nivel ao que presentarse, así como outras cuestións relacionadas coa proba, recoméndase escribir ás Xefas de Departamento de Francés e Inglés: Silvia Roo Castro para lingua francesa: siro@iesdavidbujan.gal, e María Dolores Martínez Rodríguez no caso de lingua inglesa: lolamr@iesdavidbujan.gal.

O alumnado que decida presentarse deberá entregar en secretaría ou enviar por correo **antes do 11 de xullo** (11 de xullo incluído) o formulario asinado que figura ao final deste documento.